

# PLAN DE CONVIVENCIA

---



 **XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

 **Ceip A Sangriña**  
986 61 10 45  
Paseo de Portugal, 19  
36789 Salcidos (A Guarda)  
Pontevedra  
ceip.asangrinha@edu.xunta.es



CURSO 2019/20

---

# ÍNDICE

1) XUSTIFICACIÓN

2) ANÁLISE DA SITUACIÓN

2.1 O CONTORNO

2.2 SITUACIÓN ACTUAL E ACCIÓNS IMPLIMENTADAS

2.3 AVALIACIÓN DE NECESIDADES

2.3.1 E. INFANTIL

2.3.2 E. PRIMARIA

2.3.3 PROFESORADO

3) OBXECTIVOS

4) ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORAS DA CONVIVENCIA

5) PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

6) NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

6.1 NORMAS DO CENTRO

6.2 DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

6.3 DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

6.4 DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS

6.5 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

6.5.1 FALTAS LEVES

6.5.2 CORRECCIÓNS

6.5.3 FALTAS GRAVES

6.5.4 CORRECCIÓNS

7) ESCOLA DE NAIS E PAIS

8) COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

9) MECANISMOS DE COORDINACIÓN DO CENTRO COAS FAMILIAS E OUTROS ORGANISMOS

10) ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN

11) PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

---

## 1) XUSTIFICACIÓN

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas que forman parte da comunidade educativa de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

A convivir apréndese convivindo e por tanto, nos centros escolares ten especial transcendencia todos os procedementos que regulan o bo clima, a participación, a cooperación e a harmonía.

Lograr unha convivencia positiva incide directamente na mellora das relacións persoais de todos os membros da Comunidade Educativa, na forma de afrontar os conflitos e na disciplina.

A importancia de traballar para introducir no Centro unha cultura educativa que fomente o adecuado clima de convivencia e restablézaa cando se rompeu queda recollida na normativa vixente.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A convivencia positiva require da elaboración dunhas normas claras e consensuadas con toda a Comunidade Educativa. Neste sentido elabórase este documento, que serve de marco para a reflexión sobre a convivencia do noso Centro, sendo capaz de retroalimentarse das achegas de todos os integrantes da Comunidade Educativa.

---

A elaboración do Plan de Convivencia constitúe un proceso de reflexión democrática de todos os sectores que compoñen a Comunidade Educativa co fin de educar integramente ao alumnado e establecer estratexias preventivas ou de intervención que contribúan á mellora da convivencia.

Queremos dar unha resposta educativa á prevención e resolución de conflitos, potenciando ambientes de convivencia pacíficos no noso Centro.

A elaboración e posta en marcha deste plan nace do convencemento de que a convivencia positiva é unha das mellores ferramentas para garantir o proceso ensino–aprendizaxe.

A escola é un lugar onde todos pasamos unha longa e importante etapa da nosa vida, por iso queremos ofrecer ao noso alumnado unha escola para:

- **SABER:** ler, escribir, calcular, falar outros idiomas, coñecer o medio en que vivimos, coñecer a nosa historia, ter unha cultura musical, saber desenvolver e coidar o seu corpo e defenderse na vida.
- **SABER PENSAR:** este é o obxectivo do currículo, que nós contemplamos no proceso de ensino-aprendizaxe, porque as habilidades do pensamento non son innatas e poden e deben ser ensinadas coa finalidade de contribuír a mellorar a competencia social do alumno e o rendemento escolar, desenvolvendo estratexias para aprender e aplicar o coñecemento dunha forma eficaz razoando e resolvendo con éxito os problemas.
- **SABER VIVIR E CONVIVIR:** Contribuír á socialización do alumnado, que é unha función esencial da escola porque nela convívese, e pódese e débese facer a aprendizaxe das HABILIDADES SOCIAIS, entendidas como capacidades de relación interpersoal, que tentamos conseguir traballando: A comunicación, a cooperación, a solidariedade, o respecto ás regras, saber escoitar, compartir, participar, crear hábitos de traballo, etc.
- **SABER SER PERSOA:** A meta da educación é aprender quen é un mesmo e chegar a selo. A formación do concepto de si mesmo (autoestima) e da identidade persoal é algo esencial que os titores/ as traballan e coidan.

### **Marco lexislativo**

Este Plan toma como documentos de referencia para a súa redacción as seguintes disposicións legais:

- 
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de 2006, de educación.
  - Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
  - Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
  - Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

## **2) ANÁLISE DA SITUACIÓN**

### **2.1 O CONTORNO**

Resulta ineficaz dar resposta ás necesidades dos alumnos/as sen que exista unha relación directa co contexto no que habitan, pois só deste xeito poderemos identificar, coñecer e actuar nas inxedanzas relacionadas co ambiente.

#### **2.1.1 A NIVEL DE ZONA**

A Guarda é o municipio máis meridional do suroeste da provincia de Pontevedra, fronteirizo con Portugal e está formado por tres parroquias: Santa María (A Guarda), San Lourenzo (Salcidos) e Santa Isabel (Camposancos). A dispersión da poboación e en pequenos núcleos rurais distanciados do centro educativo e o propio horario escolar, propicia que a maioría do alumnado do centro chegue a este mediante o transporte escolar.

É unha pequena vila, duns 10.000 habitantes, nunha zona costeira do suroeste de Galicia. A poboación vive da pesca, tanto de altura coma de baixura, así como da agricultura, do turismo e do comercio. O concello conta con numerosos recursos que podemos utilizar a nivel didáctico, como, por exemplo, a presenza do porto pesqueiro, leiras onde a xente cultiva produtos e casas nas que aínda se coidan e crían animais, tamén contamos con numerosas praias e montes; entre eles un dos máis importantes de Galicia, o Monte Santa Tegra con restos prehistóricos,

---

merendeiros, parques infantís... Tamén contamos cunha piscina municipal, centro de saúde e centro cultural. Ademais contamos cos recursos dos concellos veciños O Rosal e Oia.

A lingua vernácula é maioritariamente ó castelán, non obstante aínda contamos con alumnado que fala en galego de forma prioritaria.

En canto a situación familiar do alumnado, débese sinalar que é moi diversa, atopamos exemplos de todos tipos de familia a excepción da homoparental. A súa vez, o nivel socio-económico é medio. É chamativa a diferenza entre o nivel formativo dos proxenitores, adoita acontecer que o nivel formativo das nais do noso alumnado é superior ó dos proxenitores varóns. Elas, contan mais a miúdo con estudos universitarios de primeiro ciclo ou formación profesional superior (Diplomaturas, Ciclo superior) mentras eles, na súa maior parte cursaron formación profesional (FP1, FP2, Ciclo Medio, Ciclo Superior). Non obstante, tamén nos atopamos con pais e nais que só contan cunha preparación que non vai máis alá dos ensinos elementais.

### 2.1.2. A NIVEL DE CENTRO

O centro que nos atinxe é o **CEIP A Sangriña**, situado no *Paseo de Portugal, 19, 36789 A Guarda*. Nel, a actividade docente desenvólvese do seguinte xeito:

- **Xornada continua:** 8:15h a 13:45h. Mentres que o horario para o alumnado que acude ao comedor sae ás 15:30h. habendo seis distribucións horarias, unha delas máis curta destinada ao Plan Anual de Lectura (Plan Lector).
- **Horario de recreo:** presenta unha duración de 30 minutos dentro da xornada sinalada (11:05h.- 11:35h.).
- **Horario de reunións:** os martes de 15:30h. a 18:30h. dedícase a reunións xerais, reunións de equipos de traballo, coordinacións de ciclo/etapa ou nivel, etc. Ademais, de 15:30h. a 16:30h. aténdense ás familias previa cita, posto que é o día reservado para a atención ás nais, pais ou responsables legais das alumnas/os.

<b>Distribución horaria:</b>	
<b>Garda</b>	<b>8:15h.-8:35h.</b>
<b>1ª hora</b>	<b>8:35h.-09:25h.</b>
<b>2ª hora</b>	<b>09:25h.- 10:15h.</b>

<b>3ª hora</b>	<b>10:15h.-</b> <b>11:05h.</b>
<b>Recreo</b>	<b>11:05h.-</b> <b>11:35h</b>
<b>4º hora “Tempo de lectura”</b>	<b>11:35h.-</b> <b>11:55h.</b>
<b>5ª hora</b>	<b>11:55h.-</b> <b>12:45h.</b>
<b>6ª hora</b>	<b>12:45h.-</b> <b>13:35h.</b>
<b>Garda</b>	<b>13:35h</b> - <b>13:43h.</b>
<b>Permanencia</b>	<b>13:43h.-</b> <b>13:55h.</b>
<b>Só martes. Atención a pais/nais</b>	<b>15:30h.-</b> <b>16:30h.</b>
<b>Só martes. Reunións</b>	<b>16:30h.-</b> <b>18:30h.</b>

### 2.1.3 TIPO DE CENTRO

O **CEIP A Sangriña** é un centro educativo que consta tanto da etapa de Educación Infantil como a de Educación Primaria. Nel, dáse servizo ás nenas e nenos de entre 3 a 12 anos, habendo **tres** unidades de E.I. e **oito** de E.P. Actualmente, o centro conta con **209 alumnas/os** (145 en E.P. e 64 en E.I.), sendo o número de alumnas/os bastante estable. A porcentaxe do alumnado aumenta considerablemente no 1º curso de E.P., xa que intégranse as alumnas/os procedentes da escola unitaria de **A Gándara**, centro adscrito. Por outra banda, o alumnado que se incorpora en 4º de E.I. adoita proceder da escola infantil municipal.

<b>Cursos e unidades por etapa educativa:</b>			
<b>Etapa de Educación Infantil</b>		<b>Etapa de Educación Primaria</b>	
<b>4º E.I. (3 anos)</b>	<b>1</b>	<b>1º E.P. (6 anos)</b>	<b>2 (1ºA e 1ºB)</b>
		<b>2º E.P. (7 anos)</b>	<b>2 (2ºA e 2ºB)</b>
<b>5º E.I. (4 anos)</b>	<b>1</b>	<b>3º E.P. (8 anos)</b>	<b>1</b>
		<b>4º E.P. (9 anos)</b>	<b>1</b>

<b>6º E.I. (5 anos)</b>	<b>1</b>	<b>5º E.P. (10 anos)</b>	<b>1</b>
		<b>6º E.P. (11 anos)</b>	<b>1</b>

O alumnado pode acudir ao comedor escolar así como ás actividades extraescolares que oferta a ANPA polas tardes. A súa vez, a biblioteca do centro, está a disposición da comunidade educativa de *luns a venres* en horario de *15:30h. a 17:30h.* (excepto os martes). O centro consta dun edificio.

### **Instalacións:**

- Patio con diferentes espazos para cada etapa e diferentes materiais deportivos
- Patios cubertos a ambos lados do centro
- Pavillón
- Biblioteca
- 7 aulas ordinarias de Primaria
- 3 aulas de Infantil
- 1 Aula de usos múltiples/cociña
- 1 Aula de Pedagogía Terapéutica
- Aula Informática
- Aula Música
- Aula de Inglés
- Aula de Relixión
- Aula Audición e Linguaxe
- 1 Sala Profesores
- 2 despachos para dirección e administración



- 
- 1 despachos para departamento de Orientación
  - Salón de actos
  - Aseos para alumnado
  - Aseos para o profesorado.

b) Recursos materiais

- Material deportivo
- Instrumentos musicais
- Ferramentas para plástica
- Material propio para a aula de Pedagogía terapéutica
- Libros: texto, lectura, consulta...
- Material de Laboratorio
- Material informático: PC, programas, canón, pizarra dixital, etc.
- Mobiliario aula

c) Recursos humanos

- Titores de Primaria
- 1 profesor de E. Musical.
- 1 profesor de E. Física.
- 2 Profesor de Inglés, un deles itinerante na unitaria adscrita.
- 2 Profesor Educación Relixiosa compartidos con outros centros.
- 1 profesor de PT
- 1 profesor de Audición e linguaxe compartido.

- 
- 1 Orientador.
  - Órganos colexiados: Consello escolar, Claustro e Observatorio da Convivencia escolar.
  - Órganos de Coordinación docente: Equipo de etapa, Equipo de Ciclos, equipos de nivel, de Dinamización da lingua, de extraescolares, de convivencia, de Biblioteca, TICS.

No centro temos autorizados os seguintes programas e proxectos:

- PLAMBE
- ABALAR
- VOZ NATURA
- PFFP: “Un patio cheo de vida”
- INCLÚE-T
- IGUALA-T
- REFÓRZA-T
- PILABOT
- SECCIÓN BILINGÜE

## **2.2 SITUACIÓN ACTUAL E ACCIÓNS IMPLIMENTADAS**

Baseámonos aquí na análise das actuacións desenvolvidas ata o momento: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, dos equipos de ciclo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, da comisión de convivencia, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

1) En primeiro lugar contamos cunhas Normas de Organización e Funcionamento como o instrumento que regula os diversos aspectos da convivencia no centro, en especial os dereitos e deberes de alumnado e profesorado, as normas contrarias á convivencia e as correccións previstas.

---

2) Este curso 2019/2020 comezouse a facer **rexistros** ( de aula, patios) de situacións que poñían en perigo unha convivencia axeitada. De tal xeito que, en cada unha das aulas e na zona de Secretaría , máis cercana ós patios, hai un caderno para anotar as faltas que se consideren seguindo todo o Claustro un **procedemento habitual** que podemos resumir así:

- *Falta de convivencia- intervención da mestra ou mestre que o presencia, de ser o caso ou da titora que anotarán e rexistrarán con todos os datos o incidente e a firma.*
- *Información á familia nunha convocatoria que será tamén datada e firmada por tod@s os asistentes.*
- *Se se reincide, reunión coa xefatura de estudos que convocará á familia para informar da posible sanción ou procedemento conciliado.*
- *De incumplirse, reunión coa dirección que convocará á familia para iniciar un procedemento sancionador.*

3) No Plan de Acción Tutorial recóllense diversas actividades que realizamos e están favorecendo a convivencia:

- Actuación directa dos/as titores/as ao longo do horario de clases.
- Actividades da Semana da Paz, organizadas ao redor da celebración do Día Internacional da Paz. Cada ano elíxese un tema que unifique as actividades a nivel de aula e de Centro.
- Actividades do Día da Muller.
- Actividades do 25N (Violencia de xénero)
- Titorías coas familias para tratar aspectos de comportamento dos/as fillos/as, tanto individualmente como de grupo.

4) Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Son os transmisores de valores, actitudes, hábitos..., que logo repercutirán na vida educativa. Por iso a participación no centro debe ser un intercambio de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ó entorno social.

Cabe mencionar que , ás veces, xorden conflitos. Aínda así, as relacións coas familias son en xeral, boas, implicándose estas nas propostas que se realizan, fundamentalmente a través das

---

reunións nas titorías. Obsérvase que as familias, debido aos horarios de traballo e aos costumes sociais, teñen unha menor participación na vida escolar dos seus fill@s.

Os pais/nais normalmente preocúpanse da educación e formación dos seus fillos/as. Acoden ás reunións titor/a – pais/nais e colaboran naquelas actividades nas que se pide a súa axuda.

Detéctanse *puntualmente* falta de pautas de traballo na casa, delegación de responsabilidades educativas no colexio, actitude defensiva ante a presentación das necesidades dos seus fillos/as e participación soamente no caso de ser requiridos.

As familias participan no centro do seguinte xeito:

- A través dos seus representantes no Consello Escolar.
- A través da Comisión de Convivencia no seo do Consello Escolar.
- Mediante a participación a través da ANPA.
- Mediante reunións canalizadas polas titoras e titores.
- Sempre que se lles pide colaboración para calquera actividade.

Estas son algunhas das *actividades nas que colaboran as familias* e que realizamos con normalidade no Centro: ler contos nas aulas ou na Biblioteca, traer material para actividades do Centro, colaboración na elaboración de proxectos diversos realizados no Centro, PDI, mellora de patios...festas e celebracións do Centro.

#### 4) Concello e outras institucións

O Centro mantén boas relacións co Concello da Guarda, ben sexa a través dos Departamentos de Educación, Deportes, Servizos Sociais, Policía Local, Protección Civil,... na realización de diversas actividades. Son exemplos os seguintes: Cine escolar, conferencias e charlas relacionadas coa igualdade, actividades de educación para as emocións, charlas de educación vial e acoso escolar, actividades deportivas, culturais e patrimoniais...todas elas actividades que nos propoñen e ás que acudimos maioritariamente.

## **2.3 AVALIACIÓN DE NECESIDADES:**

Facemos aquí un resumo do recollido nas distintas enquisas que dende neste equipo de convivencia realizamos ós distint@s membros da comunidade escolar.

---

### 2.3.1 EDUCACIÓN INFANTIL

A enquisa realizada ás familias de E. Infantil reflicte as seguintes cuestións:

Tod@s os participantes sinalan que se levan ben ou normal tanto co Equipo directivo, co profesorado en xeral e coa titora dos seus fill@s en particular.

Como **conflictos** sinalan o momento do Comedor e a súa relación entre a encargada e a ANPA e o equipo directivo, situación que xa variou polo cambio da nomeada encargada, o que supuxo o cese dos problemas que plantexaban nas enquisas. Tamén se manifestan no momento das entradas e saídas polo tráfico, a día de hoxe totalmente regulado pola policía local o que supuxo tamén o cese dos problemas. Por último, tamén preocupa o control da porta principal.

A maioría das enquisas mostran que as familias **coñecen** as normas de convivencia do Centro e están de acordo con elas.

En canto á **participación na vida do Centro** a maioría cre que participa normal ou pouco dela. Ben é certo que hai casos que consideran que participan moito. No que máis o fan é se se lles pide algo e nas festas.

En canto ás **situacións contra a convivencia** máis significativas no Centro son a falla de respecto ás normas, os insultos e as pelexas.

Coma **aspectos mellorables da convivencia** expoñen:

- actividades de sensibilización.
- actividades de relación internivel.
- mellorar as relacións coa ANPA e Comedor.
- levar a cabo charlas-coloquio, obradoiros para familias, tarefas en grupo e xornadas de Convivencia con outros Centros.

### 2.3.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

#### FAMILIAS:

Como en E.I., sinalan que se levan ou ben ou normal tanto co equipo directivo, co profesorado en xeral e coas titoras en particular.

---

Tamén coinciden en indicar o momento do Comedor e das entradas e saídas ( xa solucionado) como **conflictivas** ademais da falla de información por parte da ANPA e as malas relacións entre o alumnado.

A maioría das familias **coñecen** as normas de convivencia do Centro e están de acordo con elas, si ben, unha familia propón que estiveran na web e outra en castelán.

A maioría admite que **participa** pouco ou normal da vida do Centro.

En canto ás **situacións contra a convivencia** máis significativas no Centro podemos incluír que non se respectan as normas, pelexas e insultos, grupos que non se levan ben e nalgún caso, alumn@s que se senten sos.

As **situacións individuais que máis preocupan** son as de integración, insultos e pelexas.

Como **aspectos mellorables** destacan:

- Maior comunicación Centro/ANPA/Familias
- Involucrar ás familias en actividades e charlas.
- Axudar ó alumnado a resolver conflitos
- Mellorar a integración.

En canto ás **propostas para mellorar a Convivencia** propoñen:

- Actividades familia /Centro
- Charlas de profesionais externos
- Máis actividades deportivas
- Actividades nas que participen as familias.
- Andainas.
- Xogos no monte
- Clases de debuxo
- O patio non estea separado por niveis.

#### **ALUMNADO:**

En xeral afirman levarse ben ou normal cos seus compañeir@s e profesorado, agás 12 alumn@s que sinalan regular ou mal.

---

Sete alumn@s consideran que os compañeir@s teñen mala imaxe deles e outros tantos que non os coñecen realmente.

Na pregunta sobre se hai diferenzas entre as **normas dos mestr@s** as respostas foron do máis variado...

A maioría cre que a súa familia **participa** no Centro.

En canto ás **situacións que máis se repiten no Centro**, salientan que non se respectan as normas, insultos, pelexas e 10 alumn@s din que hai compañeir@s que se senten sos.

Como **propostas de mellora** temos:

- Clubs de matemáticas, Ciencias, Música...
- Xogos en equipo
- Miniolimpiadas
- Poñer un banco da amizade
- Menos deberes
- Ter roupa de recambio para poder mancharse no patio.

### 2.3.3 PROFESORADO

En xeral, o profesorado lévase ben ou normal co alumnado e cos compañeir@s. Así mesmo cren que teñen visión positiva deles.

Cren que hai algunha diferenza non importante entre as súas **normas** e as do resto de compañeir@s. Asemade coinciden maioritariamente en manifestar que teñen unha boa relación coas familias.

A falla de respecto ás normas, pelexas e grupos que non se levan ben son as **situacións máis repetidas contra a convivencia**. Tamén se destacan que o profesorado vai cada un ó seu e que hai alumnado desmotivado.

As **situacións que máis afectan persoalmente ó profesorado** son:

- 
- As dificultades na integración dalgún alumnado
  - Falla de comunicación no Claustro
  - Reunións moi ruidosas.

Como **propostas de mellora**:

- Obradoiros de cohesión grupal
- Escola de pais e nais
- Patios dinámicos
- Programas de HHSS (Habilidades Sociais)
- Facer máis actividades grupais e cooperativas.
- Máis participación das familias na vida do Centro.

### **3) OBXECTIVOS**

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes *obxectivos xerais*:

- a. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.



- h. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 4)ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORAS DA CONVIVENCIA

Actuacións	Responsables	Estratexias	Recursos	Tempos
<b>1)Presentación do Plan de Convivencia ás familias, profesorado e alumnado.</b>	Equipo directivo, orientador e titores.	-Colgado na páxina web do Centro. -Mandado individualmente por TokApp a cada familia. -Nomeado e explicado nas reunións primeiras de cada titoría.	Web do Centro, aulas,...	1º trimestre
<b>2)Unificación de criterios entre todo o profesorado para ter claras as medidas a aplicar a fin de evitar as contradicións e</b>	Todo profesorado.	Xuntanzas de Claustro para unificar criterios.	NOF, P.E.	-Principio de curso.  -No momento que xurda o conflito

<b>ambigüidades en caso de conflicto.</b>				
<b>3)Actividades de formación para o profesorado en estratexias de resolución de conflitos</b>	D.O e profesorado	-O D.O facilitará información referida ó tema en cuestión. -O CFR ou outros organismos organizan cursos de formación	-Información de cursos, xornadas ou seminarios formativos sobre o tema. -Charlas, debates, material impreso cando sexa necesario.	Principio de curso ou cando sexa necesario.
<b>4)Establecemento dun clima de aula baseado nas normas negociadas e acordadas que serán asumidas por toda a comunidade educativa.</b>	Todo profesorado.	As normas xerais acordadas no marco do Plan de Convivencia e NOF estarán visibles en todas as aulas, corredores e baños.	-Carteis elaborados polo alumnado e profesorado.	1ª semana de curso.
<b>5)Asembleas de aula para analizar a marcha da convivencia en cada grupo.</b>	-Titor@s -Dpto. Orientación. -Xefatura de Estudos	O orientador pasará un sociograma e os resultados comentaranse na aula.	-Sociograma.	1º, 2º ,3º trimestre
<b>6)Reunións mensuais dos delegad@s</b>	-Titor@s 5º e 6º .Orientador	-Charla previa nas aulas para		Mensual tal como indica a lei-

<p><i>aulas de 5º e 6ºcoa responsable da Convivencia no C.Escolar e o orientador.</i></p>	<p>-Responsable da convivencia C.Escolar. - Responsable do Equipo de igualdade.</p>	<p>anotar o que se percibe.  -Reunión para anotar o falado.</p>		
<p><b>7)Celebración de: “-Día da non violencia contra as mulleres”</b>  -25 de Novembro  <b>Celebración do “Día da Paz e a Non Violencia”.</b>  30 de Xaneiro</p>	<p>Extraescolares, -Convivencia -Equipo Directivo. -Titor@s -Dpto. Orientación. -Xefatura</p>	<p>-Traballo nas distintas titorías sobre temas en relación co Sexismo, a Paz, seguindo as pautas do Equipo que as programa. - Exposicións de traballos.  -Celebracións no centro de toda a Comunidade Educativa.</p>	<p>-Normas de convivencia. -Material audiovisual colgado na Web do Centro e nas distintas páxinas dos cursos. -Traballo elaborado polos grupos. -Trípticos Obradoiros Exposicións...</p>	<p>Última semana de novembro e de xaneiro</p>
<p><b>8)Desenvolvemento das tarefas de titoría cando a persoa titora o estime necesario.</b></p>	<p>-Titores -Dpto. Orientación.</p>	<p>A persoa titora fomentará os valores democráticos de convivencia e tolerancia empregando unha</p>	<p>-Normas de convivencia. -Material audiovisual. -Traballos elaborados polos grupos.</p>	<p>En calquera momento o longo do curso</p>

		metodoloxía participativa		
<b>9) Formación ás familias estratéxias de resolución de conflitos, detección de malos tratos entre iguais, etc.</b>	<b>-Equipo Directivo -Dpto. Orientación.</b>	<b>Escola de Pais e Nais</b>	<b>-Sesións informativas. -Material impreso. -Charlas e cursos.</b>	<b>Ó longo do curso.</b>

## **5)PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR**

### **(EXPONSE AQUÍ UN RESUMO DESTE PROTOCOLO)**

Na **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

É imprescindible distinguir entre manifestacións violentas pero sen continuidade nin inferioridade dalgunha das persoas participantes, dos casos verdadeiros de acoso escolar, que teñen as seguintes características:

- Evidente intención de facer dano.
- Conductas agresivas reiteradas durante un período longo de tempo e de forma recorrente.
- A duración no tempo. Desequilibrio de forzas entre as persoas acosadoras e as vítimas.

Para favorecer o reparto de responsabilidades e coordinarse mellor, adoptaranse varias fases:

---

Non debemos esquecer que calquera membro da comunidade educativa que teña a sospeita dunha situación de acoso está na obriga de poñelo en coñecemento do Equipo Directivo do Centro, para poder tomar as decisións máis axeitadas en cada caso.

Unha vez detectado o acoso os pasos a seguir serán os seguintes:

### **1) Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.**

Calquera membro da comunidade educativa que teña a sospeita dunha situación de acoso está na obriga de poñelo en coñecemento do Equipo Directivo do Centro, para poder tomar as decisións máis axeitadas en cada caso e establecerase a seguinte actuación:

1) Reunión do Equipo Directivo, titor ou titora e responsable da orientación do centro, para analizar e valorar a intervención necesaria.

2) No caso de estimarse necesario, terán que adoptar as **medidas de urxencia** que se requiran para protexer á presunta vítima:

- Vixiancia específica.
- Vixiancia de lugares estratéxicos.
- Medidas cautelares para impedir o contacto entre vítima e acosador.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima entre o profesorado do propio Centro, coa que a vítima garde una relación de confianza e proximidade.
- Comunicación ás familias do alumnado implicado (situación e feitos denunciados e medidas xa adoptadas) por parte da dirección do Centro buscando sempre a súa colaboración.
- Nomeamento se procede, porque os feitos non estean claros, dunha persoa responsable das averiguacións previas (nun prazo máximo de dous días) entre o profesorado do Centro encargada de comunicarse contod@s os implicados, recollendo información.
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos para requerirles se procede, a súa colaboración sempre de xeito confidencial.

*De apreciarse indicios de delito en calquera fase do proceso notificarase a menores para a súa valoración e o Centro suspenderá as actuacións ata que non se resolva.*

### **2) Recollida de información e rexistro**

---

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

Debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos:

- Observación directa.
- Vixilancia das zonas de risco.
- Entrevistas individuais con cita previa ó alumn@ acosado, acosador e ás súas familias, ó tit@r e profesorado de aula, compañeir@s e, de ser preciso a persoas relacionadas co Centro, coidador@s, persoal de Comedor, monitores de extraescolares...

**Que se recollerá?** *Cando menos, datos do Centro e alumnado afectado, persoa que recolle a demanda, persoa que comunica a situación, lugares onde se produce o acoso, feitos observados.*

### **2.a. ENTREVISTA INICIAL Á PRESUNTA VÍTIMA (En presenza dun adulto se é menor de idade)**

Para dilucidar a veracidade dos feitos e ver a pertinencia de incoación de expediente, proporcionándolle apoio e protección, rachando co illamento social todo isto xerado nun clima de confianza que se non conseguimos á primeira deberá ser repetido ata logralo.

### **2.b. ENTREVISTA INDIVIDUAL ÁS PERSOAS RESPONSABLES DO ACOSO (En presenza dun adulto se é menor de idade)**

Amosando a tolerancia cero do Centro ante as agresións e que tomen conciencia das consecuencias para constatar os feitos e ver se existen indicios razoables para a incoación dun expediente.

### **2.c. ENTREVISTA INDIVIDUAL ÁS PERSOAS OBSERVADORAS/EXPECTADORAS (En presenza dun adulto se é menor de idade)**

Recoller información de persoas, de xeito individual, que poden coñecer os feitos pero que non participan neles activamente contrastando información por ambos lados.

### **2.d. ENTREVISTA INDIVIDUAL ÁS FAMILIAS**

Dar a coñecer e recoller información sobre o denunciado, informando da postura firme do Centro de tolerancia cero, procurando a colaboración das familias e explicando os pasos a seguir:

- Entrevista coa familia da posible vítima para tranquilizala e informala das medidas adoptadas.

- 
- Entrevista coa familia do presunt@ acosad@r para tranquilizala e que saiba como está a situación, informando das posibles medidas a adoptar que lle afecten ó seu fill@, amosando a postura firme do Centro conta as agresións.

En todo momento a responsable da tramitación pode solicitar **ASESORAMENTO E/OU APOIO TÉCNICO** do:

- Departamento de Orientación do Centro.
- Profesionais educativos e/ou axentes externos.

### 3) Análise da información e adopción de medidas

Unha vez recadada toda a información, deberá ser comunicada á dirección do Centro quen acordará as medidas provisionais a adoptar así como a incoación do expediente de acordo coas normas do NOF e notificarallo a:

- Alumnado implicado e familias.
- Inspección educativa.
- Profesorado titor do alumnado implicado.

Con independencia do resultado da instrucción a dirección do Centro dictaminará as **medidas de mellora educativas** pedindo se é preciso a colaboración do Dpt. De Orientación e da Comisión de Convivencia. Serán:

- **PROTECCIÓN Á PRESUNTA VÍTIMA:** vixilancia específica de persoas, asignar una persoa de confianza á que poida acodir, titorías individualizadas e grupais da súa clase (proporcionando técnicas de relaxación, de habilidades sociais, mellora da autoestima...) organizar grupos de axuda entre iguais que acompañen á vítima, cambio de grupo dos acosadores, aperturas de expediente, derivación a persoal de axuda externo...
- **OUTRAS MEDIDAS:**
  - **Co grupo clase**, analizando comportamentos,dando estratexias de actuación, analizando as consecuencias....,
  - **Coas familias**, fortalecendo a súa implicación na vida escolar dos seus fill@s
  - **Co equipo docente** ó que se formará para detectar e intervir en situacións de acoso, unificando criterios e buscando a colaboración coa convivencia no Centro promovendo no posible a mediación entre iguais.

---

Unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso cómpre adoptar tamén **medidas reeducadoras e correctoras para os agresor@s**: o Dpto de Orientación elaborará un programa de habilidades sociais, formaranse equipos de mediadores, formación sobre as consecuencias da conduta, desenvolver a empatía, derivación a servizos de axuda externa...

#### **4) Seguimento e avaliación das medidas adoptadas**

A dirección do Centro fará un seguimento da situación co obxectivo de que non se volva producir e de observar os cambios no comportamento do alumnado protagonista, do grupo clase onde tivo lugar, programando encontros periódicos en especial coa vítima para comprobar a eficacia da actuación tendo a obriga de informar á Inspección educativa do seu grao de consecución.

### **5) Estratexias de prevención**

#### **5.1. Estratexias organizativas e de prevención no centro**

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, pódense considerar:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do Plan de convivencia e das NOF.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.



- 
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
  - Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
  - Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
  - Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
  - Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...
  - Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
  - Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
  - Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.
  - Formación do alumnado, familias e profesorado en materia de acoso escolar e ciberacoso.

## **5.2.Estratexias de prevención na aula**

- Elaboración de normas de convivencia en cada clase que serán incluídas no PAT, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeir@s, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a:
  - Relacións no grupo.
  - Fomento da amizade.
  - Tarefas colaborativas.
- Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).

- 
- Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescent@s.
  - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
  - Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
    - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
    - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
    - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
    - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
    - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
  - Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
  - Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
  - Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.

## **6)NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.**

As normas de convivencia deben garantir un clima de convivencia e respecto dentro da comunidade educativa, a fin de evitar a adopción de medidas disciplinarias. Estas normas e as condutas contrarias a elas así coma as medidas preventivas e as correccións que correspondan quedan reflectidas no **Real Decreto 732/1995** sobre os dereitos e deberes dos alumnos/as, coas matizacións establecidas neste Regulamento.

Todas as medidas correctoras que se leven a cabo terán sempre un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de tódolos membros da comunidade educativa.

### **6.1. NORMAS DO CENTRO**

- Como norma xeral establécese o mutuo respecto e colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa. É deber fundamental de todos os que constitúen

---

o Centro crear un clima de convivencia e eficacia educativa, nun proceso aberto no que, cun máximo de liberdade, prime a autorresponsabilidade e o compromiso mutuo de respectar e garantir os dereitos dos outros.

- É de obrigado cumprimento amosar respecto ante a diversidade étnica, relixiosa ou de xénero.
- É obrigación do alumnado asistir a clase e permanecer no Centro durante as horas lectivas. O alumnado non poderá trasladar mobles dunha dependencia a outra sen a autorización expresa dun profesor/a .
- Os alumnos/as que cheguen tarde á clase pola mañá, terán que entrar ó centro coa persoa responsable deles nese momento e asinar nun libro de rexistro de falta de puntualidade.
- Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a coidar e facer coidalo edificio e facer un bo uso do mobiliario e do material docente.
- Cada grupo de alumnos/as é responsable do coidado e mantemento da aula na que realizan as súas tarefas, e está obrigado individual, se é posible determina-lo autor/a dos feitos, ou colectivamente, a repara-los danos causados ou facerse cargo dos custos económicos da súa reparación.
- O equipo de profesores que imparte clase no grupo, coordinado polo titor/a, velará ó longo do curso pola limpeza e bo estado da clase.
- Todo deterioro provocado por un uso indebido deberá ser reparado, e, no seu caso, aboado polo seu autor ou autores. Este feito será obxecto de *falta leve*.
- Non se permitirá a utilización nas aulas de aparellos electrónicos e/ou dixitais que poidan impedir o desenvolvemento normal destas. Se por circunstancia excepcional houberse necesidade de manter activo algún destes aparellos, será precisa a comunicación por escrito e obter a correspondente autorización da Dirección do Centro, quen o comunicará ó titor/a e ó profesorado.
- As mesas e cadeiras deberán estar ben colocadas e en orde, na posición que indique o titor/a. Se un profesor/a opta por outra colocación, coidará que ó final da súa clase o mobiliario quede na súa posición inicial.
- Ó rematar a xornada, para facilita-la tarefa do persoal de limpeza, as mesas e cadeiras quedarán ordenadas coas cadeiras sobre as mesas e as luces apagadas.
- O alumnado e os demais membros da comunidade educativa usarán as papeleiras para depositaren calquera tipo de lixo e de residuos.
- Compre vir ó Centro limpo e aseado, e con vestimenta axeitada.

- 
- Na aula hai que manter a debida compostura e dedicar o seu uso para o labor docente.
  - Os corredores son dependencia de paso, polo que hai que gardar orde, evitando accións tales como gritos, carreiras, aglomeracións, etc. Durante as horas de clase non se pode permanecer nos corredores.
  - A Sala de Profesores/as é o lugar de reunión do profesorado. O acceso do alumnado a esta dependencia queda limitado a especiais circunstancias de urxencia.

## **6.2 .DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO**

### **DEREITOS DO PROFESORADO**

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis adecuados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

### **DEBERES DO PROFESORADO**

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, en caso contrario, póndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

---

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigacións de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención aos mesmos que lle impoña a normativa de aplicación.

e) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

### **6.3 .DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO**

#### **DEREITOS DO ALUMNADO**

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 do 20 de xuño.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

f) A asistir á escola.

g) A recibir una educación completa e una avaliación xusta.

h) A ter horarios adecuados á miña idade, con tempo para estudar e tempo para xogar.

i) A ter una escola limpa e segura, e a ser atendido en caso de accidente.

j) A ter espazos e materiais adecuados á miña idade.

k) A ter os meus propios materiais.

l) A expresar a miña opinión, e a que a escoiten.

m) A ser respectado polos profesores/as e os demais adultos da escola.

n) A ser respectado polos meus compañeiros, a que non me molesten nin que me fagan dano.

o) A ser aceptado e ter as mesmas oportunidades que os demais.

p) A que me axuden cando o necesito e a que me acepten tal como son.

q) A coñecer estas normas e participar na súa redacción.

#### **DEBERES DO ALUMNADO**

a) De participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.

- 
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro, de obedecer e seguir as directrices do profesorado respectándoo a el/a e aos demais adultos da escola.
  - c) De respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa, é dicir, de tratar por igual a todos/as, sen importar idade, sexo, raza, capacidades nin defectos.
  - d) De respectar e coidar as instalacións, mobles e materiais do centro.
  - e) De intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do noso colexio.
  - f) De asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
  - g) De estudar.
  - h) De estar limpo e aseado, e de axudar a manter limpa a escola.
  - i) De respectar as cousas dos demais.
  - j) De respectar aos compañeiros/as, de non molestalos, non meterse co eles nin abusar dos débiles.
  - k) De ser solidario e tolerante.
  - l) De respectar estas normas de organización, convivencia e disciplina do noso centro.

## **6.4 .DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS**

### **DEREITOS DAS FAMILIAS**

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as ou pupilos/as, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos pola presente lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

### **DEBERES DAS FAMILIAS**

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

- 
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
  - c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
  - d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as.

## **6.5 .CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

### **6.5.1.Serán consideradas faltas leves:**

- Os actos que perturben e interrompan o normal desenvolvemento das clases.
- Negativa á realización das tarefas que o/a mestre encomende.
- Chegar tarde reiteradamente e sen xustificación.
- Actos de incorrección ou desconsideración con calquera membro da comunidade educativa
- Causar pequenos danos nas dependencias do centro ou nos materiais de aula e doutros compañeiros.
- Copiar nos exames ou falsificar traballos ou notas.
- As condutas impropias dentro do transporte escolar.
- Contestar, ridiculizar ou insultar a un compañeiro da clase.
- Esquecerse sistematicamente dos traballos extraescolares propostos no centro.
- Ocultar a verdade aos mestres e compañeiros.
- Utilizar de xeito inapropiado os aseos escolares (billas abertas, atascar os inodoros, derramar o xabón ou as toallíñas polo chan ...).
- O roubo ou subtracción de pertenzas de pouco valor de calquera membro da comunidade educativa.
- A ridiculización verbal doutros compañeiros por motivo de etnia, relixión ou xénero.

### **6.5.2.Correccións aplicables a faltas leves:**

- Amoestación do/a profesor/a privada ou por escrito.
- Comparecencia perante o xefe de estudos.
- Realización de tarefas específicas en horario lectivo.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou se procede, dirixidas a reparar os danos causados.
- Cambio de clase por un prazo máximo dun día.

---

### **6.5.3.Serán consideradas faltas graves:**

- A reiteración de 3 veces das faltas leves.
- Contestación inapropiada a calquera mestre do cole.
- Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, dignidade da persoa, intimidade persoal e ou familiar, así como a imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As agresións físicas ou psíquicas (inxurias, burlas, ofensas, ameazas, coaccións...) a compañeiros ou membros da comunidade educativa.
- Toda actuación que constitúa acoso escolar conforme o establecido polo artigo 28 da lei 4/2011.
- Os ataques verbais dirixidos ás persoas que conforman a comunidade educativa con motivo de etnia, relixión, orixe ou xénero.
- A suplantación de personalidade e falsificación ou roubo de documentos oficiais.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- O deterioro grave das instalacións, materiais ou aparellos do centro ou dos membros da comunidade educativa.
- O roubo ou subtracción de pertenzas significativas de calquera membro da comunidade educativa.
- A introdución no centro de materiais, armas ou obxectos que poñan en perigo a integridade física dos demais (navallas, petardos, etc...).
- O incumprimento das sancións impostas.
- As agresións físicas con carácter sexual cara a un membro da comunidade educativa .
- Comportamentos xenófobos ou racistas. A partires do segundo aviso.
- Incumprir as normas de comportamento no autobús escolar poñendo en perigo a seguridade no transporte. A partires do segundo aviso. Estas condutas poden supoñer a suspensión temporal ou definitiva do dereito ó transporte escolar no caso de reiteración.
- Consumo ou tenencia de calquera tipo de estupefaciente e/ou outras substancias psicotrópicas, así como tabaco ou bebidas alcohólicas.
- Ameaza ou agresión, empregando obxectos contundentes ou punzantes, así coma calquera outro instrumento que poida ser empregado como arma de ataque.

### **MEDIDAS E SANCIÓNS (LEVES E GRAVES)**



- 
- Non poderán impoñerse sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal dos alumnos.
  - A imposición das sancións respectará a proporcionalidade coa correspondente falta e deberá contribuír á mellora do proceso educativo dos alumnos.
  - O Consello Escolar do Centro supervisará o cumprimento efectivo das sancións graves nos termos en que foron impostas.

#### **6.5.4. Correccións aplicables a faltas graves:**

- Os feitos considerados como faltas graves pasarán a ser tratados pola Comisión de Convivencia, segundo determina a lexislación vixente, comunicando por escrito ós pais ou tutores legais; esta comisión determinará a necesidade de convocar ao Consello Escolar.
- Apertura un expediente disciplinario.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou se procede, dirixidas a reparar os danos causados. Todo isto en horario non lectivo.
- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias.
- Cambio de grupo por un período de tempo superior a un día.
- Suspensión do dereito de asistencia ó centro por un prazo máximo de tres días (con traballo para ese período).
- Suspensión do dereito ó uso do transporte escolar por un período de quince días e, no caso de reincidencia, perda do devandito dereito durante o resto do curso.
- Todas as medidas correctoras das conductas gravemente prexudiciais recollidas no Artigo 39 Lei 4/2011.

## **7) ESCOLA DE NAIS E PAIS**

### **7.1. XUSTIFICACIÓN**

A familia ten un papel indiscutible no desenvolvemento integral das nenas e dos nenos por ser a única institución na que o individuo participa durante toda a súa vida. Ten a capacidade de constituírse en transmisora de valores, costumes, hábitos, modelos de comportamento, así como en elemento de apoio, resolución de conflitos e sustento do estado del bienestar.

Unha escola de nais e pais é un tempo e un lugar de reflexión sobre como educamos aos nosos fillos e fillas e como nos relacionamos coas persoas que os educan. Falarase, sobre todo, dos nosos éxitos educando e tamén de aquilo que se necesita mellorar.

Chamámoslle “escola” porque esta actividade transcorre durante varios meses a razón dunha reunión por mes e o sitio escollido é un centro escolar.

Esta actividade quere xuntar grupos de nais e pais para falar de cuestións relacionadas cos fillos e fillas. O que se pretende na “escola de nais e pais” é concienciar da función como

---

educadores, formar na función educativa dos nosos nen@s, establecer criterios de actuación. e apoiar na tarefa de educar a nais, pais e axentes educadores.

## **7.2. OBXECTIVOS**

- a) Propiciar espazos de reflexión sobre situacións cotiás e sobre criterios básicos de funcionamento do grupo familiar.
- b) Analizar as diferentes etapas que percorre unha familia no seu ciclo vital.
- c) Favorecer a comunicación no grupo familiar e coa contorna comunitaria, facilitando a creación de redes sociais.
- d) Promover o coñecemento das características evolutivas e necesidades das nenas e nenos e d@s adolescentes.
- e) Dotar aos pais e nais de recursos e habilidades que posibiliten un crecemento integral dos fillos e do grupo familiar.
- f) Detectar canto antes as problemáticas do grupo familiar ou dalgún dos seus membros.
- g) Promover a participación consciente e activa dos membros do grupo no proceso de ensino e aprendizaxe desde os distintos roles.

Por tanto, a nosa ESCOLA DE PAIS E NAIS é un espazo de formación de pais e nais; é un lugar de encontro para reflexionar en grupo sobre a tarefa educativa que se realiza cos fillos/as; serve para reforzar o papel como educadores na vida familiar e comunitaria; e é útil na práctica do día a día para axudarnos a cambiar no que necesitemos e decidamos.

## **7.3. FUNCIONAMENTO:**

Porase en marcha no curso vindeiro 2020/2021 en coordinación coa ANPA e darase a coñecer a toda a Comunidade educativa.

# **8) COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

## **8.1. COMPOSICIÓN**

Ó abeiro do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de**

---

**convivencia escolar**, a Comisión de Convivencia queda composta, segundo o *artigo 6º apartado 2 que recolle a composición do Comisión de Convivencia*, polos seguintes membros:

- **PRESIDENCIA: directora do Centro** Isabel Lomba Alonso
- **Representante do profesorado:** M. Carmen Álvarez González
- **Representante das nais e pais no Consello Escolar:** Alberto Viso Outeiriño

O nomeamento dos membros elixidos será por un período de dous anos e será renovable por outros dous. Se un dos membros perde a súa representatividade, nomearase un substituto, que exercerá o cargo polo tempo que reste.

## **8.2. REUNIÓNS**

Atendendo ao citado no artigo 6, apartado 3 do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**, a Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

## **8.3. FUNCÍONS**

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

---

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## **9) MECANISMO DE COORDINACIÓN DO CENTRO COAS FAMILIAS E OUTROS CENTROS E ORGANISMOS**

A Comisión de Convivencia é a encargada do seguimento e coordinación do Plan de Convivencia Escolar e, a Dirección do centro e os mestres e mestras os encargados/as da aplicación das normas de convivencia do centro.

Para unha axeitada coordinación interna do centro educativo, coas familias e con outros organismos, cabe mencionar que a Comisión de Convivencia Escolar conta con membros pertencentes aos diferentes sectores da comunidade educativa, favorecendo así a comunicación.

---

A coordinación de actuacións no centro levarase de xeito conxunto entre a xefatura de estudos, o departamento de orientación e os titores e titoras do alumnado, favorecendo estratexias de coordinación entre o profesorado para abordar as alteracións do comportamento do alumnado, co obxectivo de que se entenda como unha actuación de todo o centro educativo.

O fomento dunha boa convivencia nos centros educativos debe entenderse como a necesidade de mellorar as relacións interpersoais, grupais, comunitarias e institucionais da comunidade educativa e, polo tanto, da sociedade. O centro educativo non pode solucionar sempre por si só todos os problemas relacionados coa convivencia, polo que é imprescindible a colaboración con axentes externos (servicios sociais, administración locais, forzas de seguridade...) que poden apoiar aos centros educativos, tanto en labores preventivos como na intervención directa ante os problemas de convivencia. A eficaz coordinación entre os centros educativos e os axentes externos é, pois, un elemento básico a ter en conta neste Plan de Convivencia. Estas canles de coordinación externas, dependerán moitas veces da situación real que se presente, e programaranse cando se vaian a realizar.

É preciso tamén fomentar a colaboración entre escola e familia, a partir dunha coordinación axeitada entre o equipo docente, da colaboración da ANPA e, en xeral, da mellora das relacións entre todos os membros da comunidade educativa. Establecerase, polo tanto, unha estreita coordinación familia-centro, proporcionando orientacións de actuación e a través do horario de reunión coas familias. O centro educativo deberá facilitar e fomentar esta canle de comunicación coas familias, mediante:

- xuntanzas de titorías grupais coas familias
- atención individual do profesorado os martes de 3,30 a 4'30 horas.
- Circulares informativas a nivel de centro ou titorías.
- Atención individualizada do equipo directivo no horario establecido ao efecto.
- Atención individualizada do orientador
- A páxina web do Centro

## **10) ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN**

---

O Plan de Convivencia estará a disposición de todo o que o precise na dirección do Centro e existirá unha copia no Departamento de Orientación, así como no espazo que hai reservado para publicacións na páxina web do Centro. Tamén se lles enviará as familias por TokApp

## **11) PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Ó remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nunha Memoria Final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

A avaliación realizarase en base a indicadores tanto cuantitativos como cualitativos, de tal xeito que, xunto cos datos obxectivos, queden recollidos os aspectos referidos á calidade e efectividade das intervencións.

Corresponde á Comisión da Convivencia Escolar do Centro realizar a memoria final. Contará coa colaboración do departamento de orientación así como da persoa dinamizadora da convivencia no centro (conforme á Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes), que deberá realizar un Informe Trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.

Para avaliar o Plan de Convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas debe ter persoas responsables (individualmente, equipos, grupo formado para este fin...) e uns prazos para facelo. No apartado de recursos sinalaríamos todo o que nos pode ser útil (documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos...) propios ou alleos ao noso alcance. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

ACTUACIÓN	RESPONSABLE/S	PRAZO	RECURSOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			OBSERVACIÓNS	
				1	2	3		
							Data	
							Data	
							Data	
							Data	
							Data	

**CLAVE:** 1.- Inicado; 2.- En proceso; 3.- Rematado

Non desdeñamos a posibilidade de utilizar outros materiais e recursos para completar a nova avaliación do plan, sempre e cando enriquezan o valor desta fase do proceso.